

# IX PREMIO JOSÉ COUSO de Liberdade de Prensa // de Libertad de Prensa



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA



Obra Social "la Caixa"

## O Premio rexerese polas seguintes bases:

*(A participación neste certame implica a aceptación destas bases, depositadas ante notario)*

- 1 Poderán ser presentadas as candidaturas dos xornalistas sen distinción de lugar de orixe.
- 2 Calquera colexiado do CPXG ou socio do Club de Prensa de Ferrol pode entregar unha proposta argumentada de candidato para o Premio José Couso de Liberdade de Prensa. Igualmente, calquera persoa ou organización vinculada ao xornalismo está facultada para facer chegar a súa candidatura.
- 3 As candidaturas deben incluír a seguinte **DOCUMENTACIÓN**
  - a. MEMORIA que conteña as razóns para apoiar dita candidatura (mínimo dun folio, máximo de cinco).
  - b. CURRÍCULUM VITAE do candidato ou traxectoria da organización (mínimo dun folio, máximo de catro). A candidatura pode ir acompañada, de ser necesario, por outros tipos de material de apoio e, en xeral, por calquera documento que aporte datos relevantes e información adicional. Esta información poderá ser incorporada á web do Premio.
- 4 As candidaturas serán enviadas por correo electrónico a [premiocouso@xornalistas.com](mailto:premiocouso@xornalistas.com). Deberá ir perfectamente identificada a persoa ou entidade que propón a candidatura e un número de teléfono de contacto para as comprobacións pertinentes.
- 5 As candidaturas deberán presentarse antes das **20:00 horas do día 12 de marzo**.
- 6 Non serán admitidas as candidaturas que non cumpran os anteriores requisitos. A documentación presentada non será devolta nin se manterá correspondencia sobre ela. O Secretario do CPXG levantará acta sobre as candidaturas recibidas e entregadas, xunto coas mesmas, á organización. A comisión fará oficiais e públicas -na web do Premio e na sede do CPXG- as candidaturas o **14 de marzo**.
- 7 A Xunta de Goberno do CPXG e a Directiva do Club de Prensa de Ferrol nomearán unha comisión específica para a organización do certame. Esta comisión é o máximo órgano de decisión do premio e as súas decisións non admiten recurso algún.
- 8 O XURADO do Premio José Couso está constituído por todos e cada un dos colexiados do CPXG e socios do Club de Prensa de Ferrol que teñan ó día o pagamento das súas cotas de asociados. O Decano do CPXG e o Presidente do Club de Prensa actuarán, respectivamente, como presidente e vicepresidente do xurado. Nomearase tamén un secretario.
- 9 O xurado poderá votar única e exclusivamente a través de internet. A votación electrónica realizarase entre os días **14 de marzo e ás 19:00 h do 9 de abril** na web do premio, [www.xornalistas.com/couso](http://www.xornalistas.com/couso).

Os colexiados e colexiadas do CPXG realizarán o seu voto a través da intranet da web do CPXG. Os socios e socias do Club de Prensa de Ferrol, realizarán o seu voto enviando un mail co seu candidato a [premiocouso@xornalistas.com](mailto:premiocouso@xornalistas.com). Deberán enviar a súa elección e incluír os seus datos persoais (nome, DNI e número de asociado). O voto non será válido se os datos non son correctos.

O Secretario do CPXG levantará acta dos votos recibidos, quen os contará atribuíndollos a cada un dos candidatos. O Premio seralle concedido ó candidato que obteña a maioría dos votos. En caso de empate, o presidente do xurado disporá de voto de calidade. Este procedemento farase en presenza dun notario, quen levantará acta do resultado.
- 10 O Premio José Couso é un recoñecemento da profesión xornalística galega que non implica ningunha contía económica. O gañador recibirá un diploma acreditativo e o símbolo distintivo que representa o Premio, consistente nunha escultura de Manuel Patinha, que leva o nome de "Ás ceibas".
- 11 O fallo do xurado darase a coñecer en rolda de prensa o **16 de abril**, e entregarase a principios do mes de **maio de 2013** nun acto en Ferrol.

## El Premio se registrará por las siguientes bases:

*(La participación en este certamen implica la aceptación de estas bases, depositadas ante notario)*

- 1 Podrán ser presentadas las candidaturas de los periodistas sin distinción de lugar de origen.
- 2 Cualquier colegiado del CPXG o socio del Club de Prensa de Ferrol puede entregar una propuesta argumentada de candidato para el Premio José Couso de Libertad de Prensa. Igualmente, cualquier persona u organización vinculada al periodismo está facultada para hacer llegar su candidatura.
- 3 Las candidaturas deben incluir la siguiente **DOCUMENTACIÓN**
  - a. MEMORIA que contenga las razones para apoyar dicha candidatura (mínimo de un folio, máximo de cinco).
  - b. CURRÍCULUM VITAE del candidato o trayectoria de la organización (mínimo de un folio, máximo de cuatro).La candidatura puede ir acompañada, de ser necesario, por otros tipos de material de apoyo y, en general, por cualquier documento que aporte datos relevantes e información adicional. Esta información podrá ser incorporada a la web del Premio.
- 4 Las candidaturas serán enviadas por correo electrónico a **premiocouso@xornalistas.com**. Deberá ir perfectamente identificada la persona o entidad que propone la candidatura y un número de teléfono de contacto para las comprobaciones pertinentes.
- 5 Las candidaturas deberán presentarse antes de las 20:00 horas del día **12 de marzo**.
- 6 No serán admitidas las candidaturas que no cumplan los anteriores requisitos. La documentación presentada no será devuelta ni se mantendrá correspondencia sobre ella. El Secretario del CPXG levantará acta de las candidaturas recibidas y entregadas, junto con las mismas, a la organización. La comisión hará oficiales y públicas -en la web del Premio y en la sede del CPXG- las candidaturas el **14 de marzo**.

7 La Xunta de Goberno del CPXG es la Directiva del Club de Prensa de Ferrol nombrarán una comisión específica para la organización del certamen. Esta comisión es el máximo órgano de decisión del premio y sus decisiones no admiten recurso alguno.

8 El JURADO del Premio José Couso está constituido por todos y cada uno de los colegiados del CPXG y socios del Club de Prensa de Ferrol que tengan al día el pago de sus cuotas de asociados. El Decano del CPXG y el Presidente del Club de Prensa actuarán, respectivamente, como presidente y vicepresidente del jurado. Se nombrará también un secretario.

9 El jurado podrá votar única y exclusivamente a través de internet. La votación electrónica se realizará entre los días **14 de marzo y las 19:00 h del 9 de abril** en la web del premio, [www.xornalistas.com/couso](http://www.xornalistas.com/couso).

Los colegiados y colegiadas del CPXG realizarán su voto a través de la intranet de la web del CPXG. Los socios y socias del Club de Prensa de Ferrol, realizarán su voto enviando un mail con su candidato a [premiocouso@xornalistas.com](mailto:premiocouso@xornalistas.com). Deberán enviar su elección e incluir sus datos personales (nombre, DNI y número de asociado). El voto no será válido si los datos no son correctos.

El Secretario del CPXG levantará acta de los votos recibidos, y los contará atribuyéndolos a cada uno de los candidatos. El Premio le será concedido al candidato que obtenga la mayoría de los votos. En caso de empate, el presidente del jurado dispondrá de voto de calidad.

Este procedimiento se hará en presencia de un notario, que levantará acta del resultado.

10 El Premio José Couso es un reconocimiento de la profesión periodística gallega que no implica ninguna cuantía económica. El ganador recibirá un diploma acreditativo y el símbolo distintivo que representa el Premio, consistente en una escultura de Manuel Patinha, que lleva el nombre de "Ás ceibas".

11 El fallo del jurado se dará a conocer en rueda de prensa el **16 de abril**, y se entregará a principios del mes de **mayo de 2013** en un acto en Ferrol.

## IX PREMIO JOSÉ COUSO de Libertad de Prensa // de Liberdade de Prensa

El Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), creado por la Ley del Parlamento Gallego 2/99 del 24 de febrero, y el Club de Prensa de Ferrol, realizan la novena convocatoria del Premio José Couso de Libertad de Prensa, con el objetivo de reconocer y difundir el trabajo de **una persona viva u organización existente** destacada en la defensa de la libertad de prensa o con una destacable trayectoria profesional, libre e independiente.

José Couso fue disparado el 8 de abril de 2003 mientras realizaba su trabajo para los informativos de Tele5. En el mismo ataque falleció el también cámara ucraniano Taras Protsyuk. Los organizadores quieren personalizar en la figura de Couso a todos aquellos periodistas, gallegos o no, que cada año son asesinados, maltratados o privados de sus derechos como personas y como informadores.

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), creado pola Lei do Parlamento Galego 2/99 do 24 de febreiro, e o Club de Prensa de Ferrol, realizan a novena convocatoria do Premio José Couso de Liberdade de Prensa, co obxectivo de recoñecer e difundir o traballo **dunha persoa viva ou organización existente** destacada na defensa da liberdade de prensa ou cunha salientable traxectoria profesional, libre e independente.

José Couso foi disparado o 8 de abril de 2003 mentres realizaba o seu traballo para os informativos de Tele5. No mesmo ataque faleceu o tamén cámara ucraíno Taras Protsyuk. Os organizadores queren personalizar na figura de Couso a todos aqueles xornalistas, galegos ou non, que cada ano son asasinados, maltratados ou privados dos seus dereitos como persoas e como informadores.